


# ITALO CALVINO




Santiago de las Vegas (Cuba), 15-10-1923

-  
Siena (Italia), 19-09-1985

O 19 de setembro de 1985  
morría en Siena Italo  
Calvino, un dos máis  
importantes escritores  
italianos do s. XX.

Nacido en Cuba, de pais  
italianos, en 1923, desde  
os 18 anos vive en Turín,  
onde estudia, escribe e  
milita no Partido  
Comunista Italiano;  
abandoa esta formación  
política en 1953, en  
desacordo coa invasión  
soviética de Hungría







Durante toda a súa vida mantivo o interese por formarse, aprender e coñecer as aportacións das diversas culturas humanas: de aí as súas estancias en París, Nova York, Xapón ou México







Como narrador  
cultivou dous  
xéneros  
aparentemente moi  
diversos, como o  
realismo e a  
literatura fantástica.  
Esta última, escrita  
nun ton apto tanto  
para mozos como  
para adultos, e  
tamén adornada  
cun sentido do  
humor moi irónico,  
foi a que lle deu  
máis sona




As súas obras máis destacadas son:

- A trilogía *Os nosos devanceiros*, publicada entre 1952 e 1959, composta por *O barón rampante*, *O vizconde demediado* e *O cabaleiro inexistente*.
- A colección de relatos cortos *As cosmicómicas* (co inesquecible protagonista Qfwfq), de 1965
- *As cidades invisibles* (1972)
- *Se unha noite de inverno un viaxeiro* (1979)





*Hubo un tiempo, según Sir George H Darwin, en que la Luna estaba muy cerca de la Tierra. Las mareas fueron poco a poco empujándola lejos, esas mareas que ella, la Luna, provoca en las aguas terrestres y en las cuales la Tierra pierde lentamente energía.*



¡Claro que lo sé -exclamó el viejo Qfwfq-, ustedes no pueden acordarse, pero yo sí. La teníamos siempre encima, a la Luna, desmesurada; en plenilunio -noches claras como de día, pero con una luz color manteca- parecía que iba a aplastarnos; en novilunio rodaba por el cielo como un paraguas negro llevado por el viento, y en cuarto creciente se acercaba con los cuernos tan bajos que parecía a punto de ensartar la cresta de un promontorio y quedarse allí anclada..

*Las cosmicómicas*

- E vós? - O rei chegara a rente dun cabaleiro de armadura toda branca; só unha raia negra corría ó longo dos bordes; polo demais era branca, ben conservada, sen un rabuñado, ben rematada en cada xuntura, coroado o elmo por unha capirocha de quen sabe que raza oriental de galo, cambiante con todas as cores do iris. [...]

- Eu son -a voz chegaba metálica de dentro do elmo pechado, como se fose non unha gorxa senón a mesma lámina da armadura a que vibrase, e cun breve rebumbio do eco-, Axilulfo Emo Bertrandiño dos Guildivernos e dos Outros de Corbentraz e Sura, Cabaleiro de Selimpa Citerior e Fez!

- Aaah... -dixo Carlomagno, e co beizo de abaixo, que sobresaía do arimez, emitiu un pequeno trompeteo [...].

- E por que non alzades a celada e nos amosades o rostro? [...]

A voz saíu neda da barbada.

- Porque eu non existo, sire



**AUTOR: Alfonso Blanco**

MÚSICA: *O planeta imaxinario*, de Isao Tomita, baseado no Arabesco de Claude Debussy

